

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DO NOMEAMENTO INTERINO DE 5 POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS E POR UN PERÍODO DE 3 MESES.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 60-2024, por un importe total de 39.467,10 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden do nomeamento interino de 5 postos de auxiliar administrativo na Sección de Mobilidade Urbana e Sancións, por acumulación de tarefas por un periodo de 3 meses.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1649/2024, do 19.11.2024 así como os RCMOD Ref.: 76663/2024, Ref.: 76696/2024 e Ref.: 76770/2024, por importe de 39.467,10 €, do 18.11.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obligatorio. Porén neste caso trátase dunha necesidade puntual derivada da posta en marcha da ZBE asociada aos Fondos Next Generation, polo que resulta imprescindible para non poñer en risco o financiamento alleo.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 39.467,10 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac6380765743373638237.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 60-2024 5 auxiliares acumulación tarefas ZBE

93110.12000	12.696,85 €	13000.14301	29.949,30 €
93110.12101	17.836,43 €	13000.16000	9.517,80 €
93110.12100	8.933,82 €		
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	39.467,10 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	39.467,10 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.